

*María
Rosalía Rita
de Castro*

*23 DE FEBRERO DE 1837
EN CONXO*



Nai: María Teresa da Cruz
Fidalga vida a menos do pazo de Arretén
Familia Hermisende: Pazo de Lestrobe

Pai: José Martínez Viojo, crego de Iria Flavia

En 23 de febreiro de 1836, María Francisca Martínez, veciña de San Xoán do Campo, foi madriña dunha nena que bauticei solemnemente e puxen os santos óleos, chamándoa María Rosalía Rita, **filla de pais incógnitos**, cuxa nena levou a madriña, e vai sen número por non ter pasado ó orfanato; e que así conste, asínoo.

— José Vicente Varela y Montero (presbítero)





INFANCIA E ADOLESCENCIA

Nada en
1837

1º anos en
Ortoño coa
familia do pai

Volta coa nai a
Santiago

Rosmun
da

Música,
deseño e
teatro

Liceo de
la
Juventud

Pondal e
Aguirre

Enferma
de tifo con
16 anos

Romaría da
Virxe da
Barca con
Eduarda

1856
Banque
te de
Conxo

Múdase
a
Madrid
1856







ETAPA ADULTA



Madrid

**La Flor,
1856**

Coñece a
Murguía e
casa

1º novela:
La hija del
Mar

1º filla:
Alejandra

**Reside en
Vigo, 1860**

1862, A mi
madre

**1863,
Cantares
gallegos**



Cantares gallegos

17 de maio de 1863


Publicado en Vigo, na impreza Juan Compañel

Dedicado a Fernán Cabellero (Cecilia Bohl)



Señora: Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la mas profunda simpatía, dedico á V. este pequeño libro. Sirva él, para demostrar á la autora de la GAVIOTA y de CLEMENCIA, el grande aprecio que le profeso, entre otras cosas, por haberse apartado algun tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones, con que se pretende manchar mi pais.





MORTE

Nos últimos anos vive en A Matanza (Padrón)



Debuxo de Ovidio



Morre de cancro de útero en 1885 e soterrada en Adina (Iria Flavia)

Inspiración para futuros poetas



**Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.**

**E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!**

**A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...**

**Os ósos son dela
que vades gardar.**

**¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!**


17 de maio de 1863

Inspiración na obra de Antón Trueba

Glosas de cantares

Refráns e ditos populares cos que compuxo 32 poemas

Finalidade: "reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo"



As de cantar

Que ch' ei de dar zonchos;

As de cantar

Que ch' ei de dar moitos.



«As de cantar
Meniña gaiteira,
As de cantar
Que me morro de pena

Canta meniña
Na veira da fonte,
Canta dareiche
Boliños do pote.

Cantar
popular

Papiñas con leite
Tamén che darei,
Sopiñas con viño,
Torrexas con mel.

Patacas asadas
Con sal é vinagre,
Que saben á noces,
¡Que ricas que saben!

¡Que feira, rapaza,
Si cantas faremos!...
Festiña por fora,
Festiña por dentro.

Cantares gallegos

Estrutura circular



1º poema

As de cantar

Que ch' ei de dar zonchos;

As de cantar

Que ch' ei de dar moitos.

«As de cantar
Meniña gaiteira,
As de cantar
Que me morro de pena

Canta meniña
Na veira da fonte,
Canta dareiche
Boliños do pote.

A autora pide a unha meniña gaiteira que cante na lingua galega como representación do pobo.

No medio temos uns 34 poemas constituídos por un escenario galego.

Último poema

Eu cantar, cantar, cantei,
A grasia non era moita,
Que nunca, (delo me pesa)
Fun eu meniña grasirosa.
Cantei como mal sabía
Dándolle reviravoltas,
Cal fán aquês que non saben
Direitamente unha cousa.
Pero dempoís paseniño,
Y un pouco mais alto agora
Fun votando as miñas cántigas
Como quen non quer á cousa.
Eu ben quixera, é verdade,
Que mais boniteiras foran,
Eu ben quixera que nelas
Bailase ó sol c'as palomas
As brandas auguas c' á luz
Y os aires mainos c' as rosas.

https://www.youtube.com/watch?v=ad0zWV8rhS4&list=OLAK5uy_I m0f-- LIV5YUa652mEsBw04H1UZ1NTtq s&index=11&ab_channel=Ux%C3 %ADa-Topic

A meniña gaiteira pecha o libro dicindo que ela xa cantou modestamente.

Cantares gallegos

Ritmo e musicalidade

Dúas métrica:

1º Literatura culta: predominio do octosílabo

2º Tradición popular: ritmo da muiñeira, baseado nun sistema de acento rítmico (tónica, átona, átona, tónica)





Cantares gallegos



Temática dos poemas

Temática costumista

Ler un Repoludo

Gaiteiro (poema 8)



Cantares gallegos



Temática dos poemas

Temática amorosa

Poema 10

Quíxente tanto, meniña,
tívenche tan grande amor,
que para min eras lúa,
branca aurora e craro sol;
auga limpa en fresca fonte,
rosa do xardín de Dios,
alentiño do meu peito,
vida do meu corazón».

Así che falín un día
camiño de San Lois,
todo oprimido de angustia,
todo ardente de pasión,
mentras que ti me escoitabas
depinicando unha flor,
porque eu non vise os teus ollos
que refrexaban traiciós.

Despois que si me dixeches,
en proba de teu amor
décheme un caraveliño
que gardín no corazón.
¡Negro caravel maldito,
que me fireu de dolor!
Mais a pasar polo río,
¡o caravel afondou!...

*Tan bo camiño ti leves
como o caravel levou.*

Poema 2

**Nacín cando as prantas nacen,
no mes das flores nacín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.**

**Por iso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sen ningunha para ti.**

**Desque te quixen, ingrato,
todo acabou para min,
que eras ti para min todo,
miña groria e meu vivir.**

**¿De que, pois, te queixas,
Mauro? ¿De que, pois,
te queixas, di, cando
sabes que morrera
por te contemplar feliz?
Duro cravo me encravaches
con ese teu maldicir,
con ese teu pedir tolo
que non sei que queres
pois dinche canto dar puiden
avariciosa de ti.**

***O meu corazón che mando
cunha chave para o abrir.
Nin eu teño máis que darche,
nin ti máis que me pedir***

Temática dos poemas

Temática intimista

Expresan sentimentos íntimos, en particular a saudade (estado de ánimo provocado polo desexo de algo ausente)

Saudade do amor ou da terra natal



https://www.youtube.com/watch?v=WRGvXseYvCw&ab_channel=JuanRamos%26JanPoe



**Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.**

I

**Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.**

**Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.**

**Dóiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.**

**Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.**

**Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.**

**Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.**

II

**Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros
lixexiña, lixexiña.**

**Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada primeira.**

**A primeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.**

**Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.**

**Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.**

**E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.**

III

**Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.**

**Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.**

*Airiños, airiños aires,
airiños da miña terra;
airiños, airiños aires,
airiños, levaime a ela.*

Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta,
que adonde queira que vaia,
cróbeme unha sombra espesa.
Cróbeme unha espesa nube,
tal preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envenena.
Levaime, levaime, airiños,
como unha folliña seca,
que seca tamén me puxo
a callentura que queima.
¡Ai!, si non me levás pronto,
airiños da miña terra;
si non me levás, airiños,
quisai xa non me conesan,
que a frebe que de min come,
vaime consumindo lenta,
e no meu corazonciño
tamén traidora se ceiba.

**Levaime, levaime, airiños,
levaime a donde me esperan
unha nai que por min chora,
un pai que sin min n'alenta,
un irmán por quen daría
a sangre das miñas venas,
e un amorio a quen alma
e vida lle prometera.
Si pronto non me levades,
¡ai!, morrerei de tristeza,
soia nunha terra estraña,
donde estraña me alomean,
donde todo canto miro
tomo me dice: "¡Extranxeira!"**

https://www.youtube.com/watch?v=LvHPSZVM7og&ab_channel=JuanRamos%26JanPoe

Temática dos poemas

Temática social

Fala sobre a emigración, a defensa de Galicia fronte a Castela e España, a miseria das condicións, a marxinação dos galegos...

**Adios rios, adios fontes,
Adios regatos pequenos,
Adios vista dos meus ollos
Non sei cando nos veremos.**

**Miña terra, miña terra,
Terra donde m' eu criei,
Ortiña que quero tanto,
Figueiriñas que prantei.**

**Prados, ríos, arboredas,
Pinares que move o vento,
Paxariños piadores,
Casiña dó meu contento,**

**Muíño d' os castaños,
Noites craras de luar,
Campaniñas trimbadoras
Dá igrexiña dó lugar,**

**Amoriñas d' ás silveiras
Qu' eu lle dab' ó meu amor,
Camiñiños antr' ó millo,
Adios, para sempr' adios!**

**Adios gloria! Adios contento!
Deixo á casa onde nacín,
Deixo á aldea que conoço,
Por un mundo que non vin!**

**Deixo amigos por estraños,
Deixo á veiga pólo mar,
Deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudera non deixar!...
Mais son prob' e mal pecado.
A miña terra n' é miña,
Qu' hastra lle dán de prestado
A veira por que camiña
O que naceu desdichado.**

**Téñovos pois que deixar.
Hortiña que tanto ameí,
Fogueiriña dó meu lar,
Arboriños que prantei,
Fontiña do cabañar.**

**Adios, adios, que me vou,
herbiñas do camposanto,
Donde meu pai s' enterrou,
Herbiñas que biquey tanto,
Terriña que nos criou.**

**Adios tamén, queridiña!....
Adios por sempre quizais!...
Dígoch' este adios chorando
Desd' a veiriña do mar.
Non m' olvides, queridiña,
Si morro de soidás....
Tantas légoas mar adentro....
¡Miña casiña! ¡Meu lar!**



**Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.**

**Cando foi, iba sorrindo,
cando ven, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito**

**Aquel máis que neve branco,
aquel de dozuras cheo,
aquel por quen eu vivía
e sen quen vivir non quero.**

**Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida.
peniñas por alimento.**

**Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Casteláns, casteláns,
tendes corazón de fero!**

**¡Ai!, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.**

**Morreu aquel que eu quería
e para min non hai consolo:
so hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.**

**Permita Deus, casteláns,
casteláns que aborrezo,
que antes os galegos morran
que ir a pedirvos sustento.**

**Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que se amargo pan vos gañan,
dádesllo envolto en venero.**

**Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheos,
e volven, ¡ai!, sen ventura
cun caudal de desprezos.**

**Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.**

**¡Casteláns de Castela,
tendes corazón de aceiro,
alma coma as penas dura,
e sen entrañas o peito!**

**En tros de palla sentados,
sen fundamentos, soberbios,
pensas que os nosos filliños
para servirvos naceron.**

**E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coubo en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.**

**Que Castela e Casteláns,
todos nun montón, a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.**

**Só pezoñosas charcas
detidas no ardente solo
tes, Castela, que humedezan
eses teus labios sedentos.**

**Que o mar deixoute esquecida
e lonxe de ti correron
as brandas augas que traen
de plantas sen sementeiros.**

**Nin árbores que dean sombra,
nin sombra que preste alento...
Chaira e sempre chaira,
deserto e sempre deserto...**

**Esto che tocou, coitada,
por herdanza no universo,
¡miserable fanfurriñeira!,
triste herdanza foi por certo.**

**En verdade non hai, Castela,
nada coma ti tan feo,
que aínda mellor que Castela
valera dicir inferno.**

**¿Por que aló fuches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños floridos
por tristes campos sen rego!**

**¡Trocar tan claras fontiñas,
ríos tan murmuradores
por seco polbo que nunca
mollan as bágoas do ceo!**

**Mais, ¡ai!, de onda min te fuches
sen dó do meu sentimento,
e aló a vida che quitaron ,
aló a mortíña che deron.**

**Morriches, meu queridiño,
e para min non hai consolo,
que onde antes te vía, agora,
xa solo unta tomba vexo.**

**Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Deus que me mate,
porque xa vivir non quero.**

**Mais en tanto non me mata,
casteláns que aborrezco,
hei, para vergonza,
heivos de cantar xemendo:**

***¡Castellanos de Castilla
Tratade ben ôs gallegos;
Cando van, van como rosas
Cando vên, vên como negros!***

**Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española,
que España de ti se olvida
cando eres, ¡ai!, tan hermosa.
Cal si na infamia naceras,
torpe, de ti se avergonza,
i a nai que un fillo despreza
nai sin corazón se noma.
Naide por que te levantes
che alarga a man bondadosa;
naide os teus prantos erixuga,
i homilde choras e choras.**

**Galicia, ti non tes patria,
ti vives no mundo soia,
i a prole fecunda túa
se espalla en errantes hordas,
mentras triste e solitaria
tendida na verde alfombra
ó mar esperanzas pides,
de Dios a esperanza imploras.
Por eso anque en son de festa
alegre á gaitiña se oia,
eu podo decirche:
Non canta, que chora**

Visión feminina


Rosalía promove unha olla en chave de muller.

Todo tipo de mulleres están reflectidas nos poemas

As protagonistas declaran os seus desexos íntimos




**-Miña Santiña,
Miña Santasa,
Miña cariña
De calabasa.
Ei d' emprestarvos
Os meus pendentes,
Ei d' emprestarvos
Ó meu collar;
Ei d' emprestarcho,
Cara bonita,
Si me deprendes
A puntear.**



**—Costureiriña
Comprimenteira
Sacha no campo,
Malla na eira,
Lava no rio,
Vay apañar
Toxiños secos
Antr' ó pinar.
Asi á meniña
Traballadora
Os punteados
Deprende ora.**



**—Miña santiña,
Mal me quixere
Quen m' aconsella
Que tal fixere.
Mans de señora,
Mans fidalgueiras
Teñen todiñas
As costureiras ;
Boca de reina
Corpo de dama,
Comprell' á seda,
Foxen d' a lama.**




**Ay rapaciña!
Ti tél-o teo:
¡Sed' as que dormen
Antr' ó centeo!!!
¡Fuxir d' á lama
Quen naceu nela!
Dios cho perdone,
Probe Manuela.
Lama con honra
Non mancha nada,
Nin seda limpa
Honra emporcada.**

**—Santa Santasa
Non sós comprida,
Decindo cousas
Que fan ferida.
Falaime solo
D' as muhiñeiras,
D' aquelas voltas
Revirandeiras,
D' aqueles puntos
Que fan agora,
D' afora adentro,
D' adentro afora.**

**—Costureiriña
D' o carballal,
Colle unha agulla
Colle un dedal,
Cose os buratos
D' ese teu cóos,
Qu' andar rachada
Non manda Dios.
Cose, meniña,
Tantos furados
Y ora non penses
Nos punteados.**



**—Miña Santasa,
Miña Santiña,
Nin teño agulla,
Nin teño liña,
Nin dedal teño,
Qu' á ló na feira
Rouboumo un majo
Da faltriqueira,
Decindo : «As perdas
D' os descoidados
Fan ó lotiño
D' os apañados.»**




**—¡Costureiriña,
Qu' á majos trata!!
Alma de cobre,
Collar de prata.
Mocidá rindo,
Vellez chorando...
Anda, meniña,
Coida d' o gando.
Coida d' as erbas
D' o teu erbal,
Terás agulla,
Terás dedal.**

**—Deixad' as erbas
Qu' ó qu' eu queria,
Era ir cal todas
A romería.**

**Y alí con aire
Dar cada volta!
Os ollos baixos,
A perna solta.**

**Pés lixeiriños
Corpo dereito;
¡Pero, Santiña...
Non lle dou xeito!**

**Non vos metades
Pedricadora,
Bailadoriña
Faceme agora.
Vos dend' arriva
Andá correndo;
Faced' os puntos,
Y en adeprendo
Andá que peno
Po-los penares...
Miray qu' ó pido
Chorando á mares.**






**—¡Ay da meniñá!
¡Ay da que chora!
¡Ay porque quiere
Ser bailadora!
Que cando durma
No camposanto
Os enemigos
Faranlle espanto
Bailando enriba
D' as herbas mudas,
Ô son d' a negra
Gaita de Xudas.**

**Y aquel corpiño
Que n' outros dias
Tanto truara
Nas romerías;
Ô son dos ventos
Mais desatados
Rolará logo
C' os condenados.
Costureiriña,
N' ei de ser, n' ei,
Quen che deprenda
Tan mala lei.**

**—¡Ai que Santasa!
¡Ai que Santona!
Ollos de meiga,
Cara de mora,
Por n' ei de porche
Os meus pendentos,
Por n' ei de porche
O meu colar,
Xa que non queres,
Xa que non sabes
Adeprenderme
A puntear.**





Follas Novas

Segundo volume de poesía en galego

1º versión antes do 1863

Intención do libro: ofrecer un **mundo poético** diferente ó de Cantares,
**caracterizado polo lirismo existencial, intimista, escéptico e pesimista sobre a
condición humana**

5 libros e 136 poemas

Follas Novas

5 libros e 136 poemas

Vaguedás → Predomina o desconsolo e a
soidade radical do ser humano

Do íntimo

Da terra → Problemáticas das
desgrazas colectivas

**As viúvas dos vivos e
as viúvas dos mortos**

Varia → Combinación de ambos tipos

Predominan os sentimentos de soidade ou desamparo
A existencia como fonte de dor

**Teño un mal que non téñ cura,
un mal que naceu comigo,
i ese mal tan enemigo
levarame á sepultura.**

**¿Que o dudás? Duda non cabe
nesto que digo, doutores,
aunque pese, hai amargores
que non pasan con xarabe.**

**Curandeiros, ceruxanos,
dotores en medecina,
pra esta enfermidade miña
n'hai remedio antre os humanos.**

**¿Asañasvos porque digo
verdás que sabés de sobra?
Pois a probar... mans á obra:
vede de curarme, amigo.**

**Deixá, pois, de remexer
con conciencia ou sin conciencia,
os libros da vosa ciencia,
pois para min n'han de ter.**

**O meu mal i o meu sufrir
é o meu propio corazón:
¡quitaime sin compasión!
Despois: ¡faceme vivir!**

O amor condenado ó fracaso

**Lévame a aquela fonte cristaiña
onde xuntos bebemos
as purísimas auguas que apagaban
sede de amor e llama de deseios.
Lévame pola man cal noutros días...
mais non, que teño medo
de ver no cristal líquido
a sombra daquel negro
desengano sin cura nin consolo,
que antre os dous puxo o tempo**

O descando é igual á morte, única certeza humana.

Suicidio como fuxida do sufrimento

**Eran craro-los días,
risoña-las mañáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.**

**Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo ia a esculcar.**

**Tomóu un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.**

**Ó cabo dos tres días,
botóuna fora o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soia enterrada está.**

Saudade

**Algúns din ¡miña terra!
Din outros ¡meu cariño!
I este, ¡miñas lembranzas!
I aquel, ¡ou, meus amigos!
Todos sospiran, todos,
por algún ben perdido.
Eu só non digo nada,
eu só nunca sospiro,
que o meu corpo de terra
i o meu cansado esprito,
adondequer que eu vaia
van comigo.**

Negra sombra

**Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.**

**Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.**

**Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.**

**En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.**

O cravo

**Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa se era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Soio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal choróu Madalena na Pasión.
“Señor, que todo o podedes
-pedínlle unha vez a Dios-,
dáime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición”.
E doumo Dios, arrinquéino.
Mais...¿quén pensara...? Despois
xa non sentín máis tormentos
nin soupén qué era delor;
soupén só que non sei qué me faltaba
en donde o cravo faltóu,
e seica..., seica tiven soidades
daquela pena...¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o espírito
¡quén o entenderá, Señor!...**



Follas Novas

VISIÓN SOCIAL

Situación da muller escritora, constrinxida nos límites da sociedade do século XX
(sentimentalista)

Denuncia de inxustizas e hipocresías sociais, mesmo incitando a rebelións

O tema da emigración

A xustiza pola man

**Aqués que téñ fama d' honrados na vila
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos... ¡meus anxos!... que tant' eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonorada, mucháronm' a vida,
fixéronm' un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.**

**Salvádeme ¡ouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeum' a xusticia.
—Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda...
tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... (ne' as herbas sentían)
i a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.**

**Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe ¡dun soio! deixinos sin vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.**

**I estonces... estonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man qu' os ferira**

**Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
dexárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...**

¡Adiós, adiós, prendas do meu corazón".

**¡Ánimo, compañeiros!
Toda a terra é dos homes.
Aquel que non veu nunca máis que a propia
a iñorancia o consome.
"¡Ánimo! ¡A quen se muda Diolo axuda!
¡l anque ora vamos de Galicia lonxe,
verés desque tornemos
o que medrano os robres!
¡Mañán é o día grande!, ¡ao mar amigos!
¡Mañán Dios nos acoxe!"
¡No sembrante a alegría,
no corazón o esforzo,
i a campana armoniosa da esperanza,
lonxe, tocando a morto!**

**Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e pais que non teñen fillos
e fillos que non téñen pais.
E téñen corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.**

de "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos"